

ACTA DO SORTEO PÚBLICO DOS MEMBROS PARA FORMAR PARTE DAS COMISIÓNS DE SELECCIÓN DAS PRAZAS DO CONSELLO DE GOBERNO DO 24 DE XULLO DO 2026

Para dar cumprimento ao establecido no artigo 6.3 da Normativa que regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada polo Consello de Goberno o 7 de novembro de 2024, ás 13:45 horas do día 23.07.2026, no despacho da Secretaría Xeral da Reitoría, procédese á realización do sorteo que se aplicará ás propostas de membros sorteables efectuadas polos departamentos e rexerá para as prazas de profesorado axudante doutor/a que serán sometidas á consideración do Consello de Goberno da UDC na sesión do 24.07.2026, segundo se detalla no documento que se anexa.

Procédese a sortear dezaseis números de un en un, que irán marcando a orde das persoas que conforman as listas cualificadas.

Durante a posterior conformación das comisións, garantirase o cumprimento do principio de paridade, efectuándose, de ser necesario, as modificacións oportunas na orde resultante do sorteo co fin de asegurar unha representación equilibrada entre mulleres e homes

A orde resultante do sorteo é o seguinte: 7, 5, 12, 2, 14, 16, 4, 1, 10,13, 6, 15,11, 8, 3, 9

Remata o acto do sorteo público ás 13:50 horas.

Dou fe.

Secretaria Xeral

Marta García Pérez

CONVOCATORIA DE PRAZAS DE PDI LABORAL

NÚM. DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA DE COÑECEMENTO	DEPARTAMENTO	TITULACIÓN	OBSERVACIÓNS
1	Profesor/a Axudante Doutor/a	Tempo completo	Organización de Empresas	Empresa	Doutor/a	
2	Profesor/a Axudante Doutor/a	Tempo completo	Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría (Deseño en Contidos Dixitais e Interactivos)	Enxeñaría Civil	Doutor/a	
2	Profesor/a Axudante Doutor/a	Tempo completo	Teoría e Historia da Educación	Pedagogía e Didáctica	Doutor/a	
1	Profesor/a Axudante Doutor/a	Tempo completo	Enxeñaría Eléctrica	Enxeñaría Industrial	Doutor/a	
1	Profesor/a Axudante Doutor/a	Tempo completo	Literatura española	Letras	Doutor/a	